

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE MAIO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de maio de dous mil seis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 22 de Maio do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.**

Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ao deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non

concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un vallo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: RIB/N/30/06**

**A LUIS ALDEMIRA REQUEJO, con D.N.I. 35.415.778-X, na representación de entidade CAIXANOVA,** con domicilio a efectos de notificación, na rúa Cardenal Quiroga nº 10 (Ourense), para levar a cabo as obras de reforma de local sito na rúa Progreso nº 36(46)baixo, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto dona Belen Conde Conde, con visado de 26 de abril de 2006. Consta informe da Comisión de seguimento do P.E.P.R.I, de data 26 de maio pasado e informe favorable da Delegación Provincial de Sanidade de data 18 de maio pasado..

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Reforma de local.

**Contía na que se orzan as obras:** 103.620,78 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Progreso nº 36 (46).

**Arquitecto redactor do Proxecto:** Dona Belen Conde Conde.

**Nome ou razón social do promotor:** Caixanova.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó da notificación da concesión da licenza de obras..

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 27.04.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 2.694,14 euros, e visto o presuposto de execución material do proxecto e que ascende a 103.620,78 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras condicións:** De acordo co informe técnico obrante no expediente, as obras executaranse de acordo co proxecto técnico e anexos presentados. As obras consistirán na modificación da distribución e acabados interiores, incluso instalación de auga, saneamento, electricidade e climatización. Inclúese a substitución de carpintería exterior de aluminio anodizado por carpintería de perfilería de ferro con acabado en pintura. Segundo consta no

anexo ó proxecto, adaptaranse os rótulos ás Ordenanzas do P.E.P.R.I., coa colocación de letras independentes pegadas nos cristais.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIÓNS URBANÍSTICAS**

Vista a solicitude de don **Juan Manuel Rivela Martinez** con domicilio na rúa Eladio Rodríguez nº 1, 4 esquerda, na que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na Laxas nº 37, Francelos (Ref.. Catastral 97.11.7-07), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 26.05.06, que literalmente di:

- 1 A parcela con Referencia Catastral 97.11.7-07, e á que se refire a solicitude de **Condicións Urbanísticas** atópase situada en Solo Urbano, cunha vivenda unifamiliar de II en adose no límite da parcela e establecendo alineación estable respecto ao camiño frontal.

1.1 A edificación existente sobre a parcela tipifícase como “Edificio fora de ordenación”, según o Art. 103 da LOUGA.

2. A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, supeditando a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. modificada por la Lei 15/2004, de 29 de decembro.

As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da **NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRIPCIÓNS DE ORDENACIÓNS ESPECÍFICAS.**

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sinálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU, **CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8.** A súa consideración será á efectos de fixar criterio do propio elemento de desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de alienacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

3. No “Carácter” aplicable deberá ser na tipoloxía correspondente á edificación illada en condicións particulares que sinala a Ordenanza C.U. Categoría B en concorrencia á 4.8 e sempre supeditado ás disposicións xerais que se concretan nas “Normas de Aplicación Directa”, Art. -104 e seguintes da LOUGA.

4. Dada a distancia á Igrexa de San Xes. Monumento Histórico Artístico según Decreto de 20 de abril de 1951, BIC, calquera actuación requirirá do preceptivo informe da Consellería de Cultura. (65 metros).
5. Axúntase co presente informe:
  - a. Ordenanza C.U.
  - b. Ordenanza C.U., Categoría B.
  - c. Plano Situación., E 1: 1.000”.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **don Benito López Quinteiro**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 37, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Félix Martínez Garcia**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 56, 3º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Do Director Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias, comunicando finalización da obra denominada “Rede de camiños principais da zona de concentración parcelaria de Santo André de Camporedondo Ribadavia-Ourense” X-6679.

-“ Da Dirección Xeral de Formación e Colocación, Resolución de data 23 de maio pasado, concedendo subvención para a realización de accións de orientación profesional para o emprego”.

-“ Da Mancomunidade de Concello do Ribeiro, comunicando acordo do Pleno de data 18 de maio pasado, acordando a baixa definitiva do Concello de Ribadavia, con efectos do 31 de marzo de 2006.”

-“Da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Resolución concedendo autorización para a reprodución de fondos custodiados para a realización do proxecto de investigación documental “Cidades Históricas Virtuais”.

-“Resolución de la Secretaria de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, pola que se outorga a afectación demanial para uso privativo do dominio público radioeléctrico, de Ref.. DGOR-9436035”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **SOLICITUDE DE CONTENERIZACION SOTERRADA NO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA E ACCESOS PRAZA RUBEN GARCIA, DESTA VILA.-**

“En relación coa solicitude de colaboración técnica e financeira para a execución de obras en materias de xestión de residuos no casco histórico (rúa Extramuros-Parque Robla) e nos accesos praza Ruben Garcia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1. O compromiso de posta a disposición , libres de cargas e gravames , de tódolos terreos necesarios , cos usos urbanísticos , para a normal execución das obras , así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo .
2. A renuncia expresa a reter da achegada do concello calquera taxa , canon ou imposto de carácter local con motivo das obras .
3. Compromiso de asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia a súa explotación , mantemento e conservación”.

### **SOLICITUDE DE SUBVENCION.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse á Resolución do Instituto Galego de Consumo do 24 de abril do 2006 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás Corporacións Locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2006, solicitando subvención por importe de 15.478,45 euros, segundo a memoria que se acha no expediente.

### **INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO.-**

“ En relación co Decreto 347/1998, do 18 de decembro, pola que se regulan ás iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral, e vista a solicitude formulada polo Proxecto de Iniciativa Local de Emprego, da empresa ABEIRO

S.C., figurando como promotor dona Antonia Reboredo Guitian e Dona Rosa María Saura Gil, de Servizos Sociais asistenciais comunitarios, para que o Concello de Ribadavia o exima ou estableza unha bonificación nos tributos municipais en concepto de axudas varias e a Consellería de Traballo poida subvencionalo dentro do Programa ILE. Tendo en conta que vén informado favorablemente pola Axencia de Desenvolvemento Local, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego, da empresa ABEIRO S.C., figurando como promotor dona Antonia Reboredo Guitian e Dona Rosa María Saura Gil, de Servizos Sociais Asistenciais Comunitarios, e continuar a tramitación do devandito expediente.”

### **CONCESION DE SUBVENCIONS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención a Agrupación Deportivo Cultural do Ribeiro, para a organización da X Edición do Concurso de Pesca Aberto do Ribeiro, por importe de 300 euros. A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.

### **APROBACION DE PREGO DE CONDICIONS PARA A CONCERTACION DUN PRESTAMO PARA INVERSIONS DE ACORDO CO PLANO DE INVESTIMENTOS DO CONCELLO.**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Prego de Condicións para a concertación dun préstamo para a financiación de inversións de acordo co plano de investimentos do Concello, que de seguido transcríbese:

#### **“PREGO DE CONDICIONS PARA A CONCERTACION DUN PRESTAMO PARA INVERSIONS DE ACORDO CO PLANO DE INVESTIMENTOS DO CONCELLO.**

##### **1.- OBXETO:**

A operación financeira ten como obxeto o concerto dun préstamo, con previa apertura de crédito, por importe de 237.729,40 euros, para a financiación de inversións de acordo co plano de investimentos do Concello.

##### **2.- CONDICIONS PARTICULARES DO CONTRATO DE PRÉSTAMO E GARANTIAS DO PRESTAMO.**

###### **2.1-Cuantía do préstamo:**

O importe do préstamo a concertar queda fixado na cifra de 237.729,40 euros.

#### 2.2.- Tipo de interés:

Será variable, cun tipo máximo: a oferta haberá de determinar o tipo de interés aplicable tomando como referencia o valor que alcance o EURIBOR a doce meses de cada momento de cálculo, sin redondeo, revisable anualmente. En ningún momento o tipo de interés aplicable superará o límite superior, QUE EN TODO CASO NON EXCEDER DO 9% e se determinará na oferta presentada. Non procederá a inclusión na oferta de tipo mínimo aplicable. Enténdese por EURIBOR o tipo medio de interés comunicado ou publicado polo Banco de España como correspondente aos depósitos tomados no mercado Interbancario de Madrid para dito prazo.

#### 2.3.- Comisiones:

Non se aceptará ningunha oferta que inclúa comisión de apertura, cancelación anticipada ou calquera outra comisión a cargo do prestatario.

#### 2.4.- Amortización do préstamo:

O vencemento do préstamo coincidirá co remate do mesmo, que terá unha duración mínima de 15 anos.

A amortización do préstamo realizarase nos prazos que se pacten de acordo coa proposición presentada pola entidade bancaria.

En todo caso, a Entidade Local poderá cancelar anticipadamente, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, en calquera momento, sen máis requisito que a comunicación previa á Entidad prestamista.

### 3.- GARANTIAS DO PRESTATARIO

A Entidade Local afectará en garantía do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, o vinte por cen (20%) da súa participación anual nos ingresos do Estado que se determine anualmente polo Ministerio de Economía e Facenda.

A Entidade Local, durante a vixencia do contrato do préstamo e ata a total cancelación das súas obrigacións, consignará nos correspondentes Presupostos anuais as cantidades necesarias para facer fronte ao pago de intereses e amortizacións derivadas do citado contrato.

### 4.- FORMA DE SELECCION

A entidade financeira prestamista seleccionarase tendo en conta os principios de publicidade e concurrencia e, en todo caso, os de igualdade e non discriminación, seguindo os criterios que se determinan no apartado 9 das presentes condicións de conformidade co baremo incluído en dito apartado.

### 5.- CAPACIDADE PARA PRESENTAR OFERTAS

Poderán presentar ofertas toda clase de entidades de crédito e aforro que figuren inscritas no Rexistro Oficial do Banco de España.

As citadas poderán concurrir de forma individual ou constituíndose en sindicato con outras da mesma natureza. Neste caso, na oferta, que irá suscrita pola entidade directora, indícaranse as que, en caso de adxudicación integrarían ao sindicato e os porcentaxes de cada unha de elas. As relacións entre a Entidade Local e o Sindicato canalizaráanse a través da entidade que actúe como axente, a cal necesariamente dispoñerá de oficina aberta ao público.

#### 6.- OFERTAS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION.

As proposicións presentaránse na Entidade Local en hoaraio de 9.00 a 14.00 horas, en dous sobre pechados, firmados polo licitador ou persoa que o presente, no que se incluírá a documentación esixida na cláusula oitava.

O prazo de presentación de ofertas será de trece días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

#### 7.- INFORMACION AS ENTIDADES FINANCIERAS INTERESADAS

Calquera entidade de crédito ou aforro que cumpla as condicións establecidas na presentes Normas para concurrir, poderá consultar nas oficinas da entidade local a seguinte documentación:

- a.Presuposto Xeral
- b.Resumen da liquidación do exercicio.
- c.Estado da débeda.

#### 8.-DOCUMENTACION A PRESENTAR POLAS ENTIDADES FINANCIERAS.

Presentaranse en sobres pechados e será a seguinte:

##### 1.-SOBRE A: DOCUMENTACION

a. Certificación acreditativa da inscrición como entidade de crédito ou aforro no Rexistro Oficial do Banco de España.

b. Poder notarial no que se acredite a representación da persoa ou entidade en cuio nome presenta a correspondente oferta, que deberá ser bastantado polo Secretario da Corporación ou Funcionario habilitado ao efecto.

c. Declaración expresa de que a entidade non se atopa incurso en ninguna das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

##### II.- SOBRE B: OFERTA

a).Oferta u ofertas económicas que inclúan tódalas condicións particulares que se especifican no prego, dacordo co seguinte modelo:



D..... con domicilio en .....,  
rúa.....nº..... Código Postal .....  
teléfono....., con D.N.I. nº ..... ou pasaporte ou  
documento que o substitúa, actuando en representación de ..... con  
domicilio en ..... rúa .....  
nº..... Código Postal....., toma parte no concurso convocado pola  
Entidade Local publicado no BOP nº..... de data.....para  
concertar un contrato de préstamo por importe de.....- euros. E fai constar que coñece  
e acepta o Prego de Condicións e acompaña como anexo ao presente documento e como  
constitutivo da oferta económica o Proxecto de Contrato do Préstamo.

En ..... a..... de.....

( o licitador, firmado e rubricado)

b)Proxecto de contrato de préstamo, acompañado do cálculo estimado das  
cuotas.

c) Memoria das subvencións e axudas institucionais ofertadas. Así mesmo  
farase referencia as axudas e subvencións concedidas no derradeiros anos pola entidade  
bancaria.

## 9.- CRITERIOS DE SELECCION

Os criterios de selección do contratista vendrán definidos pola oferta cuíñas condicións  
económicas sean máis favorables para a Entidade Local, no sentido de supoñer un coste  
financieiro previsiblemente inferior durante a vida do préstamo, a cuíño efecto terase en conta:

a) Periodo de carencia: de 0 a 2 puntos.Media aritmética das ofertas numéricas.

b) Tipo de interese ofertado: de 0 a 5 puntos.

Puntuación máxima.

Calculárase en primeiro lugar a diferenza entre os importes máximo e mínimo das ofertas  
presentadas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ó importe mínimo ofertado, por  
redondeo, o número natural máximo de puntos adxudicable por este concepto: 5 puntos.

Proceso de puntuación.

A continuación obtérase a media aritmética dos tipos de interese, de tódalas proposicións  
presentadas.

Corresponderá 5 puntos ás ofertas que presenten o menor tipo de interese, un 80% de  
puntuación máxima as ofertas que iguálen a media aritmética anterior e un 20% as que  
presenten o tipo maior. As ofertas que representen baixas situadas no medio dos dous tramos  
así configurados puntuaráselles proporcionalmente os seus extremos de forma lineal.

c) Subvención ou axudas institucionais ofertadas. De 0 a 3 puntos. Media aritmética das  
ofertas numéricas.

Para o suposto de coincidencia de ofertas, terase en conta as subvencións ou axudas institucionais recibidas e prestación de servizos financeiros ou bancarios á Entidade Local.

#### 10.- MESA DE CONTRATACION E APERTURA DE OFERTAS.-

A apertura das ofertas realizarase no lugar, día e hora sinalado no anuncio de licitación ( as 12 horas do primeiro día hábil seguinte o da finalización do prazo para presentar proposicións, salvo que coincida en sábado ou festivo, suposto no cal a licitación terá lugar o primeiro día hábil posterior).

A Mesa de Contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto e procedendo a abrir os sobres A e B.

A mesa de contratación estará composta do seguinte xeito:

Presidente: o Alcalde ou concelleiro no que delegue.

Vocais: Un concelleiro de cada grupo municipal representado na Corporación Municipal.

O Tesoreiro.

O Interventor.

Secretario: O Secretario da Corporación o funcionario no que delegue.

Se algunha das ofertas presentadas ofrecera dúbidas interpretativas á Mesa de Contratación, darase conta das mesmas á entidade financeira que corresponda, a fin de que proceda no prazo de dez días a efectuar as aclaracións ou ampliacións que considere oportunas.

#### 11.-ORGANO DE ADXUDICACION

O expediente xunto coa proposta da Mesa de Contratación e previo dictamen da Comisión de Economía e Facenda será sometido a Xunta de Goberno Local para a súa adxudicación, dacordo coa delegación de competencias realizadas polo Pleno deste Concello, na súa sesión extraordinaria de data 30 de xuño de 2003.

A Entidade Local reservase ao dereito de non adxudicar o contrato se ninguna das ofertas resultase favorable para os intereses locais pola evolución previsible dos mercados financeiros ou por calquer outra causa que o poida xustificar. Asimesmo, a Entidade Local reservase a posibilidade de adxudicar o préstamo a máis duna entidade, fraccionando o importe do mesmo, sempre que as ofertas sexa equiparables economicamente.

No caso que sexa necesaria, a adxudicación quedará condicionada a obtención da correspondente autorización da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda.

#### 12.- FORMALIZACION DO CONTRATO.

Unha vez adxudicado o contrato notificarasalle a entidade financeira adxudicataria para firma do correspondente contrato que deberá formalizarse no prazo de dez días a partir de tal notificación.

### 13.-REXIMEN XURIDICO.

En todo o non previsto neste Prego estarase ao disposto na Normativa Mercantil e Civil que sexa de aplicación, aplicándose aos principios da TRLCAP para resolver as dúbidas e lagunas que poideran presentarse”.

### 6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.